

galicia



xoves 19 de xuño
20.00 H
**Sala Multiúso Universidade de
Vigo Campus de Ourense**
Ourense

tactus

con **Ana Romaní** (poeta)
e **Traspediante Danza**

Colabora **Aula de Acordeón Conservatorio
Profesional de Música de Ourense**

2014

DO AUDIBLE

música en diálogo
coa arte,
coa ciencia
e co pensamento contemporáneos



máis información:
cultura.xunta.es
vertixesonora.net

Tactus

xoves 19 de xuño ás 20:00 H

Sala multiusos do Campus de Ourense da UVigo (Ourense)

Con Ana Romani (poeta) e trasPediante Danza

coa colaboración da Aula de Acordeón do Conservatorio Profesional de Ourense, coordinada por Celia Adrián

John Cage (EUA 1912-1992)

Variacions I (1958) para calquera número de intérpretes e calquier tipo e número de instrumentos

Hugo Morales Murguia (México, 1976)

Xerador1 (2013) percusión, saxo, acordeón e guitarra eléctrica e 2 bailarinas

Estudo sobre o salto (2014)* teclado midi e 4 músicos e 4 altofalantes

Estudo sobre a carne (2014)* para dos bailarinas

Daniel Zea (Colombia, 1979)

Kinecticut (2012) para 4 ejecutantes

*estreia mundial, encomenda Vertixe Sonora Ensemble

Textos e recitado, Ana Romani

trasPediante Danza

Begoña Cuquejo, Nuria Sotelo, Maciek Sado, Miguel Gendre

Aula de Acordeón do Conservatorio Profesional de Ourense, coordina Celia Adrián

Nicolás Fernández / Noelia González / Rocío Mosquera / Álvaro Pérez / Erea Carbajales /

Xian Vázquez / José M. Domínguez

Vertixe Sonora Ensemble

Pablo Coello, saxofón / Diego Ventoso, percusión / Ramón Souto, guitarra eléctrica e piano midi /

Celia Adrián, acordeón

Tactus é un espectáculo comisariado por Hugo Morales Murguia

"O latexo do corazón dun home respirando tranquilamente", así describia en 1496 o teórico Franchinus Gaffurius o tactus, termo que designaba nos séculos XV e XVI a pulsación da música e que se indicaba mediante un movemento ascendente e descendente da man, unha leve oscilación que simbolizava humildemente a íntima relación que, entre movemento do corpo e música, logra a súa máxima expresión na danza.

De tactus tamén procede o termo tacto, que ten diferentes acepcións na nosa lingua: o sentido corporal co que se perciben as sensacións de contacto, presión e temperatura; a acción de tocar ou apalpar; a maneira en que o sentido táctil impresiona un obxecto; a prudencia para proceder nun asunto delicado; a exploración, coas xemas dos dedos, dunha superficie orgánica ou dunha cavidade accesible...

Tactus reúne todas estas referencias nun espectáculo de música, danza e poesía arredor da respiración, o tacto, o aloumiño, a violencia física e o rozamento dos corpos.

OS COMPOSITORES

John Cage (Los Angeles, 5 de setembro de 1912 - Nova York, 12 de agosto de 1992)

Artista singular —compositor, instrumentista, filósofo, teórico musical, poeta, artista, pintor— pioneiro da música aleatoria, da música electrónica e do uso non estandar de instrumentos musicais, foi unha das figuras principais da vanguarda de posguerra e un dos compositores estadounidenses más influentes do século XX. Situou a transformación do pensamento como un dos obxectivos da arte e mostrou que entre a vida e a arte hai unha continuidade. Para iso, empezo eliminando da súa equipaxe as ideas preconcebidas, o peso da memoria e o lastre dunhas emocións demasiado automatizadas. Abandonou unha armazón musical que fai do son unha nota e da harmonía un muro, e propón outra definición do musical debuxando sen cesar paisaxes imaginarias para a música, ás que acudirán os instrumentos de percusión e o seu piano preparado, o silencio e todos os ruidos.

A través do silencio, Cage prosegue ese paseo inédito que, con resonancias de budismo zen, transita polo azar e pola indeterminación (Cage é coñecido principalmente pola súa composición de 4'33", tres movementos que se interpretan sen tocar unha soa nota).

Ainda que discípulo de Henry Cowell e Arnold Schoenberg, a principal influencia do traballo de Cage atópase en diferentes culturas orientais. A través dos seus estudos de filosofía india e budismo zen a finais dos anos 40, chegou á idea da música aleatoria que comezou a compor en 1951. O I Ching, un antigo texto chino clásico sobre eventos cambiantes, converteuse na ferramenta compositiva habitual de Cage durante o resto da súa vida.

A lo largo da súa dilatada carreira, Cage influiu na obra e na poética de innumerables artistas e intelectuais, converténdose el mesmo en principal referencia da vanguarda estadounidense e, en xeral, da estética contemporánea. A súa colaboración con Merce Cunningham —o seu compaño sentimental a maior parte da súa vida— que se remonta a 1942, e o traballo teórico sobre son e movemento, foi decisiva no desenvolvemento da danza. A colaboración con artistas visuais como R. Rauschenberg e J. Johns, a experiencia (1948-1950) cos poetas da Black Mountain, a intensa amizade con Marcel Duchamp, o seu mestre de xadrez, e os seminarios de Darmstadt (1958) constitúen pezas importantes do mosaico-Cage.

Hugo Morales Murguia (México, 1976)

Compositor e artista sonoro asentado en Holanda.

O seu traballo centrarse no desenvolvemento de instrumentos alternativos para a xeración de son: as extensións dos instrumentos tradicionais ou execucións instrumentais de obxectos rudimentarios. En canto á técnica, a notación, modificación física e diversos usos da tecnoloxía, adoitan ser elementos que definen a súa composición e a interpretación musical.

Despois de concluir os seus estudos no Centro de Investigación e Estudios Musicais (CIEM) na cidade de México, trasládase a Holanda para continuar os seus estudos de posgrao co apoio da Organización Holandesa para a Cooperación Internacional na Educación Superior (Nuffic), NL, Fondo Nacional para a Cultura e as Artes (FONCA), MX, Prins Bernhard Cultuurfonds e Fonds Podiumkunsten (NL). Ten un mestrado en Composición Musical no Conservatorio Real da Haia, o grao de mestre en Sonoxia do Instituto de Sonoxia da Haia e un doutoramento no Centro de Arte Contemporánea Práctica Musical da Universidade de Brunel (Londres). A súa música foi premiada por festivais e institucións como Mexican Music Council 2003, International Jungerson Competition 2007 (RU), International Gaudeamus Music Week 2008 (NL), SPNM Shortlisted Composer 2008-2011 (UK), International Forum of New Music 2010 (MX) e Composition Stipend Fonds Podiumkunsten 2013/14 (NL). A súa obra é interpretada e encomendada por agrupacións como The Arditti Quartet (UK), L'Ensemble Intercontemporain (FR), El Cuarteto Latinoamericano (MX), Ensemble Klang (N L), Juan Martínez (MX), CHROMA Ensemble (UK), Smash Ensemble (ES), Exaudi Vocal Ensemble (UK), Broomm Ensemble (NL), IKUTS Percussion Quartet (US), Sarah Nicolls (UK), POW Ensemble (NL), Electronic Hammer (NL), Trio Gáman (DK), José García (MX), Pontus Langendorf (SE), Studio for New Music Ensemble (RU), Milana Zanic (RS), Goska Iphording (PL), Vortex Ensemble (CH), Yu-Wen Hung (TW), London Contemporary Orchestra (UK), Ensemble MAE (NL), Ensemble Modello62 (NL), Vertixe Sonora Ensemble (ES), entre outros.

Actualmente vive na Haia, onde traballa como compositor por conta propia.

Daniel Zea (Colombia, 1976)

Deseñador e compositor colombiano establecido en Xenebra. O seu universo artístico xira ao redor da música instrumental e electroacústica, así como da programación. Colabora regularmente en proxectos interdisciplinares (danza contemporánea, performance, artes visuais) e é profesor da Alta Escola de Arte e Deseño de Xenebra (HEAD) onde ensina elementos básicos para a programación de plataformas interactivas de imaxe e de son. É membro fundador do Ensamble Vortex, no cal participa como compositor e intérprete de música electroacústica.

A RELATORA

Ana Romani (Noia –A Coruña–, 1962)

Escritora e xornalista. Locutora da Radio Galega. Desde hai trece anos dirixe o programa Diario Cultural, de emisión diaria. É autora dos poemarios Palabra da mar (Ed. Espiral Maior, 1987), Das últimas mareas (Ed. Espiral Maior, 1994), Arden (Ed. Espiral Maior, 1998), o conto Marmelada de amoras (Noia 33, 1997) e Antoloxía de Antón Avilés de Taramancos (Ed. Galaxia, 2003). Coordinou o volume de relatos Narradio. 56 historias no a (Ed. Xerais, 2003) promovido polo Diario Cultural da Radio Galega. A súa obra está recollida en diferentes antoloxías e libros colectivos. Participou en distintos proxectos artísticos, entre eles O son da pedra, de Milladoiro; Daquelas que cantan. Rosalia na palabra de once poetas galegos, da Fundación Rosalia de Castro; Son Delas, coordinado por Uxía Senlle; Lob's (1998), con Antón Lopo; Estalactitas (2002), con Anxo Romero e Lupe Gómez Castro poetas suicidas. Intervención poética contra a levidade (2002), en solitario; e A voz e o poema. Os periplos de Avilés de Taramancos, con Anxo Quintela.

AS OBRAS

John Cage - Variations I (1958)

Adicada a David Tudor, a quen lla entregou como agasallo no seu tricésimo segundo aniversario, trátase dun dos exemplares seminais da música indeterminada.

Unha folla con instruccions escritas e seis transparencias constitúen a partitura: a primeira delas ten marcados vinte e sete puntos (de catro dimensións diferentes) que representan desde sons illados —os de menor tamaño— ata eventos sonoros compostos de catro ou máis elementos. O resto das transparencias teñen cinco liñas cada una, cosa que indica distintos parámetros sonoros —frecuencia máis grave, estrutura harmónica máis sinxela, maior amplitud, menor duración e proximidade dos eventos nun tempo específico.

O intérprete ten que combinar a transparencia de puntos con calquera das outras e decidir que parámetro indica cada liña. Así tanto máis próximo estea un punto con respecto a unha liña, máis grave será a frecuencia sonora, ou máis sinxela a súa estrutura harmónica, ou maior a súa amplitud etc.; sempre, claro, dependendo da opción escollida. O punto situado directamente sobre a liña indica o valor máxime posible para ese parámetro. Pode ser realizada por calquera número de intérpretes e por calquera número e tipo de instrumentos.

Hugo Morales Murguia - Xerador1 (2013)

Diferentes niveis de gradación sonora por medio da perseveranza mecánica e constante dunha soa figura. Dentro das iteracións xéranse no espazo series de tons resultantes, zonas estacionarias e ondas de harmónicos, que resultan en mutacións sonoras que oscilan a través de diversos estados, formas e fluxos.

Hugo Morales Murguia - Estudo sobre o salto (2014)

Érgome e nada me bota abaxo.Telo complicado.

Ténhoas pasado moi difíciles. E sei, meniña, como te sentes.

Tes que sobrevivir e pór os péns na terra.

Non me ves aquí de pé?

Terío as costas apoiadas na máquina de discos? Non son o peor que coñecches.

Non sabes a que me refiro? Deberías saltar. Saltá!

Deberías saltar. Adiante, saltá. Saltá!

Adiante, saltá.

Ei, til! Quen dixo iso? Meniña, como che foi?

Dis que non sabes, que non saberás ata que comeces.

Salta! Saltá! Saltá! Saltá!

Jump. Eddie Van Halen

Hugo Morales Murguia - Estudo sobre a carne (2014)

Daquela, pensache que che gustaría ir ao espectáculo. Sentir a emoción quente da confusión. Ese brillo de cadete espacial, dime, hai algo evitándote, cariño? Non é isto o que esperabas ver?

Se queres descubrir que hai detrás destes ollos fríos, terás que escalar o teu camiño a través deste disfraz.

In the flesh, Roger Waters

Daniel Zea - Kinecticut (2012)

para catro executantes, catro ordenadores e catro Kinects

Coma nunha cidade imaxinaria, catro persoas atopan espaldas fronte ás súas máquinas.

Balada da imposibilidade.

Daniel Zea

TRASPEDIANTE DANZA

trasPediante é unha compañía de artes escénicas que centra a súa creación no corpo e na danza.

No ano 2010 gañou o Premio Inxve á mellor proposta escénica coa obra Habelas.

Outras obras da compañía son Nin1mm, Baila el vestido verde, Planificar a caída, Up2down, Track6 ou Corpocámara-sitespecific.

Actuou na Mostra de Teatro de Cee, no Teatro NN Lublin Polonia, en Escena Doméstica en Chile, Localidades Agotadas Oviedo, no Festival de Uronea de Castroponte Fetal, nos escenarios da Rede de Teatros e Auditórios de Galicia, na FIOT de Carballo etc.

Ademais, trasPediante traballa como un artellador de proxectos culturais relacionados coa danza como corpo/altera (Festival de Artes do Corpo de Ourense), e dirixe D-Ou-tras Aula de Danza da Universidade de Vigo (no campus de Ourense), entre outros proxectos.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Desde a súa aparición en 2010, Vertixe Sonora Ensemble converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insustituible para a última xeración internacional de compositores que atopan nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Integrada por destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble conxuga artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza. A partir dunha consciencia da multiplicidade na achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vanguarda. Tamén integra o Instituto Galego de Sonoxia, unha plataforma para investigar a experimentación sonora con novos medios.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada e procura dinamizar o ecosistema cultural, o intercambio e a cohesión do territorio. O círculo Música e Arte: Correspondencias Sonoras (CGAC) e sonUTopias (campUSCultura, da Universidade de Santiago de Compostela), o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora en Vigo ou o círculo MHLsons, na cidade de Lugo, son algunas das achegas que están a renovar os públicos de música clásica en Galicia.

O compromiso por divulgar a música do noso tempo e ampliar o seu público lleva a organizar os cursos de divulgación musical Aguzar o Oído (MARCO, Vigo), os Encuentros Internacionales de Música Contemporánea, Causal, obradoiros de composición e charlas abertas.

O seu labor foi recollido no documental Correspondencias sonoras (2013), do cineasta Manuel del Río.

DO AUDIBLE

Do Audible é un ciclo de concertos que procura achegar puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos na conquista dunha percepción musical máis consciente.

Do Audible actualiza as rutinas de escucha coa aspiración de recuperar o concerto de música como experiencia privada de auténtica transformación. Unha comoción reveladora que devolva a escucha ao seu lugar, como acontecemento capital do entendemento humano.

Cada concerto organízase arredor dun foco temático e interactúa coa palabra cómplice de relevantes personalidades do mundo da cultura, que achegan informacións e perspectivas de interpretación do feito musical que resulten enriquecedoras para os oyentes.

Do Audible describe a paisaxe sonora da literatura musical dos últimos decenios, rastrexa as interaccións ocultas entre diferentes disciplinas ao longo da historia e explica as claves da creación musical de todos os tempos. Aviva a nosa imaxinación, esperta a sensibilidade de públicos novos, procura acadar, na comunión da emoción e da intelixencia, unha experiencia artística transcendente.

Do Audible 2014 – vendeiros concertos

o canto das baileas

con Francisco Ramos (autor de La música del siglo XX. Guía completa)

xoves 26 de xuño ás 20.00 horas

Museo do Mar de Galicia

Vigo

a música das esferas

con Luis Nacent (profesor, ensaísta e comisario)

sábado 11 de outubro ás 20.00 horas

Casa das Ciencias

A Coruña

a música e o diabólico

con Enrique Gavilán (autor de Otra historia del tiempo)

e Distraction Ensemble (agrupación convidada)

venres 14 de novembro ás 20.00 horas

Museo de Pontevedra

Pontevedra